

<b>CENTRO</b>	CEIP PLURILINGÜE DE OUTES
<b>CÓDIGO</b>	15033101
<b>ENDEREZO</b>	Praza de Galicia s/n 15230 Outes
<b>TELÉFONO</b>	881866840
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	<a href="mailto:ceip.outes@edu.xunta.gal">ceip.outes@edu.xunta.gal</a>
<b>WEB</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/">www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/</a>

# PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022

# ÍNDICE

## **Medidas de prevención básica**

1. Denominación do centro, enderezo, e contacto (EN PORTADA)
2. Membros do equipo COVID
3. Centro de saúde de referencia
4. Determinación do espazo de illamento COVID e os seus elementos de protección
5. Número de alumnado por nivel e etapa educativa
6. Cadro de persoal
7. Determinación dos grupos estables de convivencia
8. Medidas específicas dos grupos estables de convivencia
9. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias do persoal non docente e o profesorado e para comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias)
10. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado
11. Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas

## **Medidas xerais de protección individual**

1. Situación dos pupitres
2. Identificación dos espazos ou salas para asignar grupos
3. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan...)
4. Titorías coas familias
5. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro
6. Uso da máscara no centro
7. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

## **Medidas de limpeza**

1. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente
2. Distribución horaria do persoal de limpeza
3. Material de protección para a realización das tarefas de limpeza
4. Cadro de control de limpeza dos aseos
5. Modelo de checklist para anotar a ventilación das aulas
6. Determinación dos espazos para a xestión de residuos Material de protección

## **Material de protección**

5

1. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro
2. Determinación do sistema de compras do material de protección
3. Material e protección para a realización das tarefas de limpeza
4. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

## **Xestión dos abrochos**

1. Medidas
2. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa

## **Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade**

1. Procedemento e solicitude

## **Medidas de carácter organizativo**

1. Entradas e saídas
2. Portas de entrada e saída e circulación no centro educativo
3. Cartelería e sinalética
4. Determinación sobre a entrada e saída do alumnado transportado
5. Asignación do profesorado encargado da vixilancia

## **Medidas en relación coas familias e ANPA**

1. Madrugadores
2. Actividades extraescolares fóra da xornada lectiva
3. Determinación para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar
4. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias
5. Normas para a realización de eventos

## **Medidas para o alumnado transportado**

- 1.

## **Medidas de uso do comedor**

1. , lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado
2. Persoal colaborador
3. Persoal de cociña

## **Medidas específicas para o uso doutros espazos**

1. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...
2. Educación Física

3. Biblioteca
4. Previsión de realización de titorías e comunicación coas familias
5. Aseos

### **Medidas especiais para os recreos**

1. Horarios e espazos
2. Profesorado de vixiancia

### **Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria**

1. Metodoloxía e usos de baños
2. Actividades e merenda

### **Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres**

1. Emprego do equipamento

### **Medidas específicas para alumnado ACNEAE**

1. Medidas
2. Medidas e tarefas

### **Previsións específicas para o profesorado**

1. Medidas
2. Órganos colexiados

### **Medidas de carácter formativo e pedagógico**

1. Formación en educación e saúde
2. Difusión das medidas de prevención e protección
3. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais
4. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”
5. Difusión do plan

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

### 2. Membros do equipo COVID

MEMBROS EQUIPO COVID			
<b>Membro 1</b>	Inmaculada Cortón Tesouro	Directora	<a href="mailto:maucacorton@edu.xunta.gal">maucacorton@edu.xunta.gal</a>
Suplente	Eva Nieto-García Ardións	Xefa de estudos	<a href="mailto:nieto-garciaardions@edu.xunta.gal">nieto-garciaardions@edu.xunta.gal</a>
<b>Tarefas asignadas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Elaboración do plan de Apaptación e de Continxencia do COVID 19 para o presente curso.</li><li>• Nomear ás persoas que forman parte do equipo COVID</li><li>• Coordinación e planificación dos aspectos organizativos do centro (propostas de actuación valoración e propostas de mellora): comedor, entradas, saídas, patio, espazos...</li><li>• Coordinación na interlocución coa administración educativa e sanitaria. comunicación de casos.</li><li>• Xestión dos abrochos entre o persoal do centro (docente e non docente)</li></ul>		
<b>Membro 2</b>	M <sup>a</sup> Vanessa Outón Riomao	Coordinadora	<a href="mailto:vanessa.oton@gmail.com">vanessa.oton@gmail.com</a>
Suplente	Patricia Ferreira Lavandeira	Secretaria Mestra EI	<a href="mailto:ferreiralavandeira@edu.xunta.es">ferreiralavandeira@edu.xunta.es</a>
<b>Tarefas asignadas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Elevar as propostas do equipo de EI</li><li>• Traballo colaborativo nos aspectos organizativos do centro: comedor, entradas e saídas, patios...</li><li>• Coordinar as entradas e saídas do alumnado de EI</li><li>• Difundir a información ao ciclo de EI e ás familias</li></ul>		

<b>MEMBROS EQUIPO COVID</b>			
<b>Membro 3</b>	Eva M <sup>a</sup> Carmen Gómez Rios	Mestra EP	<a href="mailto:mariadelcarmen.gomez@edu.xunta.gal">mariadelcarmen.gomez@edu.xunta.gal</a>
Suplente	Ana Bermúdez Gómez	Mestra AL	<a href="mailto:anabg@edu.xunta.es">anabg@edu.xunta.es</a>
<b>Tarefas asignadas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevar as propostas do equipo de EP</li> <li>• Traballo colaborativo nos aspectos organizativos do centro: comedor, entradas e saídas, patios...</li> <li>• Coordinar as entradas e saídas do alumnado de EP</li> <li>• Difundir a información ao ciclo de EP e ás familias</li> <li>• Xestión dos abrochos en EP</li> </ul>		
<b>ANPA</b>			
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración na difusión do compromiso a nivel familiar da autoenquisa para as familias e o alumnado e da documentación relativa ao COVID 19</li> <li>• Difusión da información derivada e traballo colaborativo nos aspectos organizativos do centro: entrada e saída das actividades extraescolares...</li> </ul>		

### **3. Determinación do espazo de illamento COVID e os seus elementos de protección**

No caso de que algún membro da comunidade educativa durante a súa estancia no centro manifeste algún dos seguintes síntomas que se entende compatibles co COVID 19 tales como:

- ▶ Síntomas respiratorios
- ▶ Febre maior de 37,5°C
- ▶ Tose seca
- ▶ Dificultade respiratoria
- ▶ Fatiga severa (cansanzo)
- ▶ Dor muscular

- ▶ Falta de olfato ou gusto
- ▶ Diarrea
- ▶ Dor de cabeza

Estas persoas serán inmediatamente illadas na sala habilitada para tal uso situada no Edificio Administrativo. Ademais habilítase outra sala de illamento situada na planta baixa do Edificio Principal por se fixera falta. Ambas salas estarán dotadas de botiquín e do material de protección individual como luvas, máscaras, pantallas, panos desbotables, dispensador de xel e xabón, papeleira con tapa e pedal... As medidas de protección que se tomarán serán as seguintes:

- Manteranse as xanelas abertas para favorecer a ventilación
- Termómetro sen contacto
- A persoa que teña os síntomas usará máscara quirúrxica e procederá a hixienización de mans ao entrar á sala.
- Usaranse panos desbotables.
- Intentarase manter a distancia de seguridade, primando sempre a tranquilidade do alumnado para o que se atenderá ao seu benestar emocional.
- Desbotarase o material de refugallo na papeleira con tapa.
- Despois do uso da sala de illamento procederase a súa desinfección polo persoal de limpeza do centro.

#### 4. Número de alumnado por nivel e etapa educativa

Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL A			Nivel	Mixto	Grupo	A
Aula	Medios Audiovi.	Nº alumnado asignado	19	Titora	Inmaculada Cortón Tesouro		
Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL B			Nivel	Mixto	Grupo	B
Aula	A7	Nº alumnado asignado	19	Titora	Patricia Ferreira Lavandeira		
Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL C			Nivel	Mixto	Grupo	C
Aula	A6	Nº alumnado asignado	19	Titora	Vanessa Outón Riomao		
Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL D.			Nivel	Mixto	Grupo	D
Aula	A9	Nº alumnado asignado	19	Titora	Irene Formoso Barreiros		
Especialistas	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Celia Viña Molinos (Apoio)</li> <li>● Mari Carmen Horta (FI)</li> <li>● Leticia Ponte Macebo (EM)</li> <li>● Mari Carmen Peteiro (Relixión)</li> <li>● Iria López Vázquez (EF)</li> <li>● Ana Bermúdez Gómez (AL)</li> <li>● Tamara Moscoso Rodríguez (PT)</li> </ul>						

Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	A
Aula	A5	Nº alumnado asignado	14	Titora	Alicia Nimo Liboreiro		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	B
Aula	A8	Nº alumnado asignado	13	Titora	Eva Marcos		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	A
Aula	A3	Nº alumnado asignado	15	Titor	Abel Vale López		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	B
Aula	A4	Nº alumnado asignado	12	Titora	Eva Nieto-García Ardións		
Especialistas	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Mari Carmen Horta (FI)</li> <li>● Leticia Ponte Macebo (EM)</li> <li>● Mari Carmen Peteiro (Relixión)</li> <li>● Iria López Vázquez (EF)</li> <li>● Ana Bermúdez Gómez (AL)</li> <li>● Tamara Moscoso Rodríguez (PT)</li> <li>● Susana Fernández Lestón (EF, Valores)</li> </ul>						



Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	A
Aula	A11	Nº alumnado asignado	24	Titora	María Carmen Gómez Ríos		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	A
Aula	A2	Nº alumnado asignado	15	Titor	Iván Coira Silva		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	B
Aula	A1	Nº alumnado asignado	17	Titora	Lourdes Romrero Tuñas		
Especialistas	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Mari Carmen Horta (FI)</li> <li>● Adrián Rivero Iglesias (FI)</li> <li>● Leticia Ponte Macebo (EM)</li> <li>● Mari Carmen Peteiro (Relixión)</li> <li>● Gema Somoza Vila (Relixión)</li> <li>● Ana Bermúdez Gómez (AL)</li> <li>● Tamara Moscoso Rodríguez (PT)</li> <li>● Susana Fernández Lestón (EF, Valores)</li> </ul>						
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	A
Aula	A10	Nº alumnado asignado	19	Titora	Sheila Mirón Carou		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	A
Aula	A12	Nº alumnado asignado	18	Titora	Sandra Caamaño López		
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	B
Aula	A13	Nº alumnado asignado	17	Titora	Selina Filgueira Viturro		
Especialistas	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Adrián Rivero Iglesias (FI)</li> <li>● Leticia Ponte Macebo (EM)</li> <li>● Gema Somoza Vila (Relixión)</li> <li>● Ana Bermúdez Gómez (AL)</li> <li>● Tamara Moscoso Rodríguez (PT)</li> <li>● Susana Fernández Lestón (EF)</li> </ul>						

## 5. Cadro de persoal

CADRO PERSOAL DO CENTRO EDUCATIVO	
Educación Infantil	5
Educación Primaria	9
Educación Física	2

F.I./Arts	2
Música	1
Pedagogía Terapéutica	1
Audición e linguaxe	1
Departamento de Orientación	1
Relixión	2
Persoal non docente	7

<b>ALUMNADO DO CENTRO POR NIVEL CURSO 2020/2021</b>	
EDUCACIÓN INFANTIL A	19
EDUCACIÓN INFANTIL B	19
EDUCACIÓN INFANTIL C	19
EDUCACIÓN INFANTIL D	19
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	27
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	31
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	24
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	32
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	19
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	34

## **6. Determinación dos grupos estables de convivencia**

O alumnado organizarase en 14 Grupos de Convivencia Estable correspondentes a cada titoría en funcionamento neste curso 2021/2022.

Os grupos estables de convivencia manteranse aillados nos espazos interiores do centro educativo mantendo entre estes sempre a distancia de seguridade de 1,5 metros.

A determinación da aula, número de alumnado, aula asignada, profesorado titor e especialistas que imparten docencia no grupo están recollidos no cadro do apartado 4.

## 7. Medidas específicas dos grupos estables de convivencia

Garantírase que en todas as actividades que se realicen nos espazos interiores do centro educativo o illamento dos grupos de convivencia estables. Así mesmo nos momentos de circulación polos corredores manterase a distancia entre grupos de 1,5 metros de seguridade previstos na lexislación actual.

Nos períodos nos que a transmisión sexa moi baixa os grupos de convivencia estable poderán interaccionar con outros grupos do mesmo curso, sobre todo en todas as actividades que se realicen ao aire libre. Estes grupos terán asignado un espazo no patio de recreo que rotará cada semana

O profesorado e persoal non docente empregará a máscara de xeito continuado durante toda a xornada lectiva e en todos os espazos ao igual que o alumnado a partir dos seis anos. O emprego da máscara será obrigatorio en todos os espazos do centro. En educación infantil tanto o alumnado transportado como o non transportado acudirán ao centro con mascarilla e iranse incrementando pouco a pouco os momentos de uso. O alumnado deberá traer unha máscara de recambio e un estoxo específico para gardala.

Dedicarase en cada aula un tempo (incluído nas asembleas iniciais) a recordar as medidas hixiénico sanitarias da nosa comunidade, facendo especial fincapé en:

- Evitar tocar ollos, boca e nariz.
- Hixiene de mans, recordaremos en que momentos da xornada imos realizala e as normas para facelo: lavar con auga e xabón durante polo menos 40 segundos, ou con solución hidroalcohólica, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estén visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Análise e valoración das entradas e saídas ao centro. Realizarase sobre todo ao inicio de curso dado o seu carácter educativo. A posta en común permitiranos establecer os aspectos que debemos mellorar.
- Seguimento da cartelería nos acceso ao centro e nos desprazamentos.
- Uso e sistematización do emprego dos dispensadores de xel hidroalcohólico.
- Emprego de xabón e papel para secar as mans tanto na aula como nos espazos onde corresponda como os aseos. Traballo de concienciación ecolóxica co uso do papel.
- Recomendacións sanitarias para a implantación de medidas hixiénico-respiratorias: ao tusir ou esbirrar tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará na papeleira con tapa, se non da tempo facelo contra a flexura do cóbado. Hixienizar sempre as mans despois de tocar secrecións respiratorias.
- Recordar manter a distancia de seguridade de 1,5 metros coas persoas alleas á aula tanto nas entradas e saídas como nos períodos de lecer ou desprazamentos ao comedor.

- Informar do uso correcto da máscara e como manipulala para colocala e retirala.
- Extremarase a orde e a limpeza no posto de traballo, realizando a limpeza e desinfección por parte do alumnado, do profesorado e do persoal de limpeza. Haberá pulverizadores desinfectantes en cada aula para que o alumnado, supervisado polo profesorado desinfecte o seu material. Sistematizaremos este traballo durante a xornada escolar.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningunha das súas compañeiras.
- Sistematizarase a desinfección do material manipulativo de uso común para que sexa desinfectado despois de cada uso polo alumnado.
- As fiestras, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, proxectores e restantes ferramentas serán unicamente manipuladas polo profesorado coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Cando as condicións metereolóxicas o permitan e de forma organizada os grupos de convivencia estables poderán realizar sesións fóra da súa aula co docente correspondente a cargo. O horario nunca coincidirá coas entradas, as saídas nin co recreo.

**8. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias do persoal non docente e o profesorado e para comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias).**

PROFESORADO:

Vía telefónica: establecendo contacto cunha das persoas coordinadoras do equipo COVID

ALUMNADO:

Vía telefónica: Chamando ao centro 881866840

## **9. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado**

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación. Realizarase o rexistro diario en Xade para un mellor control da asistencia.

Para evitar a manipulación de elementos alleos ao centro as familias empregarán como medio de xustificación de faltas a plataforma ABALAR.

No caso do persoal docente o procedemento de xustificación de faltas de asistencia será o habitual establecido no centro, das que se dará constancia nos 3 primeiros días de cada mes a Inspección Educativa.

#### **10. Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas.**

As coordinadoras do Equipo Covid do centro (Directora e Xefa de Estudos) transmitirán as incidencias ás autoridades sanitarias e educativas, empregando a plataforma que a Consellería de Educación habilita (EDUCIVID) de xeito específico para a comunicación dos posibles casos detectados e para o subministro de información. A canle será utilizada polo centro educativo para notificar os casos ou para a identificación dos contactos próximos, coas debidas garantías de protección de datos. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria.

### **MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

#### **11. Situación dos pupitres**

Ainda que nos organizamos en grupos de convivencia estable procurarase que en toda educación primaria os pupitres estén distribuídos de maneira que permitan a máxima separación entre o alumnado. Retiráronse nalgunhas aulas estanterías e armarios laterais para poder aumentar esta distancia.

#### **12. Identificación dos espazos ou salas para asignar grupos.**

Os espazos asignados a cada grupo correspóndese coa súa aula titoría. Traballaremos con 4 unidades de EI e 10 de EP, formando cada unha delas un grupo estable de convivencia.

As especialidades de Educación Musical, Inglés e Arts serán impartidas na propia aula e o alumnado só se desprazará para na área de Relixión/Valorese para a de Educación Física/Psicomotricidade en EI.

Será, por tanto o profesorado especialista (Inglés, Arts e Música) o que rote polas aulas coas adecuadas medidas hixiénicas:

- Sempre usarán máscara. Esta medida poderá ser anulada no caso de saúde ou necesidade do alumnado nos casos de ACNEAE, onde se poderá cambiar a máscara por unha pantalla. Ao tusir ou esbirrar cubrirá a boca e o nariz cun pano desbotable ou co cóbado flexionado. Evitará tocar os ollos, nariz e boca.

- Lavarán as mans na entrada e saída de cada aula e todas as veces que consideren necesario.
- Tentarán manter a distancia de seguridade sempre que sexa posible xa que asegurarán o benestar emocional do alumnado polo que pode ser necesario o contacto físico.

Valores/Relixión é a única área na que temos previsto que sexa necesario desdobrar os grupos. Se quedará na propia aula titoría o grupo máis numeroso e o outro desprazarase ao espazo preparado na zona de Educación Infantil e ás aulas habilitadas no primeiro piso para o alumnado de primaria.

A área de Educación Física/Psicomotricidade EI impartirase nos espazos exteriores do centro cando as condicións metereolóxicas o permitan ou no Ximnasio e Patio Cuberto cando sexa necesario.


Todos os espazos contarán coas adecuadas medidas de limpeza e ventilación despois de ser usadas por cada grupo.

### **13. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan...)**

Na atención ao alumnado con necesidades, coma co resto do alumnado, recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras medidas que garantan a protección individual, como pode ser o uso de pantallas e mamparas, así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tuser, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía. Como no centro

contamos con auxiliares técnicos educativos/coificadoras, estas participarán no acompañamento do alumnado ao longo do día, así como no tempo de comedor.



No caso de alumnado que non poida utilizar mascarilla, asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco na 1ª planta do centro educativo.

O Departamento de Orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas entre os centros, co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte do alumnado.

Sempre que o apoio non se desenvolva dentro da aula de referencia do propio alumnado, os mestres de PT e AL recollerán ao seu alumnado na súa aula ordinaria e acompañarano ás súas aulas específicas respectivas. O alumnado tamén será recollido e acompañado pola orientadora cando necesite ser avaliado.

O alumnado que realice o apoio fora da aula:

- Levará o seu propio material de traballo nun estoxo.
- Asignaráselle un sitio concreto de traballo na aula de apoio.
- Empregarase a máscara como norma xeral tanto o alumnado como todos os membros da comunidade educativa. (Ver alumnado de \*AL)
- No caso de alumnado que reciba algunha intervención específica por parte da mestra de \*Audición e Linguaxe (dislalias, disglosias,...), precisarase do uso dunha pantalla protectora de uso individual, que será proporcionada polo centro educativo, acompañada do uso de máscaras transparentes e mamparas. A familia do alumnado que requira unha intervención específica na que nalgún momento o alumnado precise estar sen mascarilla, asinará unha autorización autorizando dita intervención.
- Ao rematar a sesión desinfectarase a superficie e o material e ventilarase a aula.
- Na medida do posible procurarase manter as fiestras abertas durante as sesións, de non ser posible, entre cada sesión realizarase unha ventilación de 15 minutos e a limpeza e desinfección dos elementos que fosen utilizados.

O inicio dos apoios farase respectando a adaptación do alumnado á escola, tendo en conta a situación actual.



As entrevistas coas familias realizaranse principalmente por teléfono ou de forma telemática e de non ser posible e cando sexa absolutamente necesario, concertarase as mesmas mediante cita previa.

O Departamento de Orientación e os mestres/as de PT e AL contarán cunha aula virtual na que se subirá información ao longo do curso escolar e servirá para programar a atención educativa durante posibles abrochos.

Estas medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación ás novas circunstancias.

#### **14. Tutorías coas familias**

As comunicacións coas familias faranse polas vías corporativas habilitadas para tales efectos: teléfono do centro, correo electrónico corporativo, Abalar, mensaxería da Aula virtual, e aplicacións habilitadas pola Consellería para a realización de videochamadas. Só en casos excepcionais e previa comunicación ao equipo COVID poderanse celebrar tutorías de forma presencial no espazo habilitado no centro situado no Edificio Administrativo mantendo sempre as medidas de hixiene: uso de máscara, desinfección de mans á entrada e distancia de seguridade. Este espazo será debidamente desinfectado despois de cada uso.

#### **15. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro**

A páxina web recollerá toda a información relevante.

Empregarase ABALAR para informar a comunidade educativa e habilitarase na mesma as opcións para que as familias poidan solicitar unha tutoría directamente ao profesorado, teñan posibilidade de envío de mensaxería así como a xustificación das faltas de asistencia.

É, por tanto, moi importante que todas as familias descarguen esta aplicación para reducir as comunicacións alleas a esta canle. Habilitarase titorización para resolver as problemáticas que lles poidan xurdir ás familias con esta aplicación

O intercambio de información farase como ata agora a través de teléfono e correo electrónico.

Os provedores , visitantes e persoal do Concello poderá acceder ao centro sempre que sexa necesario en horario non coincidente coas entradas e saídas e o periodo de recreo.

## **16. Uso da máscara no centro**

O uso da máscara no centro adecuarase á normativa existente recollida no protocolo da Consellería de Educación e Sanidade. É importante que toda a comunidade educativa cumpra coa normativa empregando máscaras homologadas e que se renoven adecuadamente.

O alumnado empregará a máscara durante todo o tempo que permaneza no centro : na aula, para entrar e saír do centro, en todos os desprazamentos fora da aula do seu grupo estable de convivencia, recreo, comedor, aseos...

O profesorado de Educación Infantil fará excepcións co alumnado que non estea habituado ao seu uso pero sempre favorecendo unha adaptación progresiva.

O profesorado empregará a máscara en todo momento podendo prescindir dela en momentos concretos (unha explicación puntual con distancia de seguridade, sesións de Al...)

## **17. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativas**

A principios de setembro informárase ao Consello Escolar do contido deste Plan de Adaptación. Ademais serán explicadas as medidas organizativas e hixiénico-sanitarias máis relevantes nas xuntanzas que se celebrarán a principio de setembro con todas as familiass do centro educativo.

O documento final do Plan de Adaptación, despois de ser informado no primeiro claustro e informado no Consello Escolar, será publicado na páxina web do centro.

## **MEDIDAS DE LIMPEZA**

### **18. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente**

#### **A) Durante a xornada escolar**

- Limpeza dos cuartos de baño cando menos tres veces na xornada escolar: 7 planta baixa, 4 1ª planta, 3 no ximnasio, 2 en Administración. Especial atención a todas as superficies de contacto: pomos de todas as portas, dispensadores, encimeras, billas, elementos das cisternas, retretes...). Limparase unha vez pasada despois da primeira hora, outra antes da saída do mediodía e a terceira á entrada da tarde despois do comedor. Nos meses de xullo e setembro

farase a segunda hora no recreo e a última hora para que queden hixienizados para o seu uso no tempo do comedor.

- Limpeza dos pasamáns das escaleiras: despois da entrada da mañán, despois da baixada ao recreo, despois da subida do recreo, despois da baixada ao comedor, despois da entrada da tarde.
- Limpeza e desinfección da entrada do Ximnasio e Sala de desdobre de Valores/Relixión ao ser espazos compartidos polo alumando de distintos grupos de convivencia estable.
- Ventilación de cando menos 5 minutos no medio da xornada escolar. Propoñemos facelo no impas do comedor na xornada partida e no recreo durante os meses de setembro e xullo.
- Limpeza polo menos unha vez durante a xornada escolar dos espazos empregados por alumnado e traballadores que pertencen a distintos grupos de convivencia: sala de descanso, aula de AL, aula de PT , 2 aulas de desdobre relixión/alternativa (unha en EI e outra en EP), entrada Ximnasio, espazo de consexería.
- Vaciado e limpeza de papeleiras con tapa para evitar toda posibilidade de contacto cos materiais máis transmisores do virus. Durante o comedor cando as aulas están vacías e nos meses de setembro e xuño durante o recreo.
- Limpeza das salas de aillamento COVID cada vez que se usen. Limpeza, desinfección e xestión dos residuos segundo o protocolo.
- Limpeza e desinfección da sala de titoría cando sexa preciso reunirse coas familias.
- Limpeza e desinfección da sala de cambio do alumnado de tres anos ao ter que entrar as familias. Deberase realizar despois da cada uso ao entrar persoas de fora do centro.

#### B) Despois da xornada escolar

- Na limpeza diaria terase especial coidado con todas as superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, mostradores e outros elementos.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados.
- Deben vaciarse as papeleiras de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental con restos potencialmente contaxiosos.
- Ventilación de polo menos 10 minutos de todas as dependencias escolares ao remate da xornada escolar.

### **19. Distribución horaria do persoal de limpeza**

No centro existen tres turnos de limpeza, L1 e L2 encárganse de cubrir todo o horario lectivo cumprindo un protocolo delimpieza que van rexistrando cada día.

Unha vez rematada a xornada escolar L1,L2 e L3 encárganse da limpeza xeral de todo o centro.

	setembro e xuño
<b>Persoal limpeza</b>	<b>Horario</b>
<b>L 1</b>	10:00-14:00 16:00-19:00
<b>L 2</b>	14:00-16:00 16:30-19:00
<b>L 3</b>	16:30-19:00

	de outubro a maio
<b>Persoal limpeza</b>	<b>Horario</b>
<b>L 1</b>	10:00-13:30 15:30-19:00
<b>L 2</b>	13:30-15:30 17:30-19:30
<b>L 3</b>	16:30-19:00

## **20. Material de protección para a realización das tarefas de limpeza**

O persoal de limpeza empregará o material de protección que se especifica no protocolo da Consellería de educación e que será aportado polo Concello no caso das limpadoras que dependen del e por parte da empresa Capitán (L3) para as súas traballadoras.

Todo o persoal de limpeza empregará máscara e luvas para o desempeño das súas funcións.

Aconsellarase o emprego de elementos de protección ocular, xa sexan lentes ou pantalla.

Empregaranse distintivos para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea sendo desinfectada, debendo esperar a que se remate para poder empregar de novo ese espazo.

## **21. Cadro de control de limpeza dos aseos**

Existirá un cadro control de limpeza no que se protocolizará todo o traballo de limpeza que se fai no centro e que o persoal de limpeza rexistrará cada día.

Modelo de rexistro recollido no ANEXO I

## **22. Modelo de checklist para anotar a ventilación das aulas**

En todas as aulas do centro haberá un modelo para rexistrar os momentos de ventilación de cada espazo. A primeira ventilación será realizada antes da entrada do alumnado polo profesorado que está de garda para a custodia do alumnado transportado.

Durante o resto da xornada o profesorado será o encargado de realizar esta tarefa que se fará como mínimo 3 veces durante a xornada escolar (EF, Relixión, saída ao recreo, saída ao comedor). Deberán ser rexistradas no modelo de checklist da aula.

Cando as condicións metereolóxicas o permitan as ventanas de todos os espazos permanecerán abertas.

O modelo está recollido no ANEXO II

## **23. Determinación dos espazos para a xestión de residuos Material de protección**

En todos os espazos do centro haberá papeleiras con tapa e pedal para desbotar elementos de hixiene persoal: máscaras, panos....

O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases plásticos e lixo xeral.

O profesorado deberá velar para que o alumnado realice unha correcta xestión dos residuos para evitar riscos ao persoal de limpeza.

# **MATERIAL DE PROTECCIÓN**

## **24. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro**

A secretaria do centro elaborará e rexistrará nun Excell os gastos derivados da aplicación deste protocolo facendo constar os seguintes conceptos: data de compra, establecemento, cantidade, prezo e número de factura.

## **25. Determinación do sistema de compras do material de protección**

A secretaria do centro será a responsable das compras de material de protección que se precisen a petición do equipo Covid e sempre despois de analizar distintos orzamentos.

Cada titora será responsable de informar da necesidade de repoñer o material de protección que está ubicado nas aulas. O persoal de limpeza encargarase de repoñer os dispensadores das zonas comúns, xabón e papel nos aseos e salas de illamento.

#### **24. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición**

As novas compras serán almacenadas e entregadas no almacén do Edificio Administrativo e xestionadas polo Equipo Covid.

Ao principio do curso realizarase unha entrega para cada espazo do centro de un dispensador de xel para a desinfección de mans, un limpador para a hixienización de material, teclados e unha papeleira con tapa e pedal.

## **XESTIÓN DOS GROMOS**

#### **27. Medidas**

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos", e das Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación "EduCovid" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2"

publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19..-
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo III.
- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo

de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## **28. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa**

A persoa responsable de realizar as comunicacións coas Administracións será a coordinadora do Equipo COVID-19.

## **XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

### **29. Procedemento e solicitude**

Tal e como indica o punto 9 do “Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para o curso 2021/2022 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á directora o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo electrónico do centro [ceip.outes@edu.xunta.gal](mailto:ceip.outes@edu.xunta.gal).

Unha vez entregada e rexistrada toda a documentación será enviada por correo electrónico á Xefatura Territorial correspondente agardando a resolución da mesma. Cando proceda tramitarse a solicitude de persoal substituto na aplicación Persoal Centros reflectindo no apartada observacións a casuística.

## **MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO**

### **30. Entradas e saídas. Portas de entrada e saída e circulación no centro educativo. Cartelería e sinalética. Determinación sobre a entrada e saída do alumnado transportado.**

O “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19” publicado pola Consellería de Educación establece a necesidade de xestionar as entradas e saídas para evitar aglomeracións de alumnado e familias. Esta nova organización das entradas e saídas dependerá do cumprimento estricto do horario establecido para o persoal do centro e as familias.

Para evitar aglomeracións solicitamos que o alumnado non transportado só sexa acompañado por unha soa persoa adulta.



É importante que nin familias nin profesorado se entretexan nas entradas e saídas dando avisos, recados...Para iso poderase empregar o teléfono do centro, correo electrónico, mensaxería Abalar, aula virtual....

En colaboración co Concello de Outes habilítase unha nova de entrada Porta 2 pola que entrará e sairá o alumnado de E. Infantil non transportado e que aliviará a conxestión da porta principal. Esta porta tamén será empregada para o alumnado usuario dos servizos de Madrugadores e Tardes Divertidas, organizados e xestionados polo Concello.

<b>ENTRADAS AO CENTRO</b>	
<b>ALUMNADO TRANSPORTADO</b>	O autobús entrará no patio deixando ao alumnado na porta principal do edificio das aulas. Ao entrar no edificio seguirán as sinalizacións que os dirixirá a cada aula nun recorrido de dirección única polo centro. Unha vez vacío o autobús abandonará o patio para a entrada do seguinte.
<b>ALUMNADO DE INFANTIL NON TRANSPORTADO</b>	O acceso será pola porta lateral situada na rúa sen saída que está á dereita da principal que se abrirá as 9:45 nos meses de setembro e xuño e ás 9:55 o resto do curso. O alumnado entrará ao centro pola porta traseira do edificio principal e accederá as aulas directamente seguindo as sinalizacións. Nesta porta haberá profesorado de garda.
<b>ALUMNADO DE PRIMARIA NON TRANSPORTADO</b>	O acceso será pola cancela peatonal da entrada principal do centro e camiñarán pola acera que estará separada para impedir o acceso do alumnado á zona de autobuses. A cancela abriráse ás 9:45 nos meses de setembro e xuño e ás 9:55 o resto do curso. Nesta porta haberá profesorado de garda.
<b>MADRUGADORES</b>	Unha vez se pechen as portas de entrada de alumnado non transportado, o alumnado que acude a madrugadores será acompañado polas monitoras ata a porta de atrás do edificio principal e seguindo a circulación establecida no centro accederá a súa aula.

<b>SAÍDAS DO CENTRO</b>	
<b>ALUMNADO TRANSPORTADO</b>	<p>Para que a saída se produza de forma escalonada os autobuses entrarán no patio en tres tandadas, aparcarán no patio para que o alumnado desas liñas suban. Unha vez estén cargados saíran para que entre a seguinte tandada de autobuses. Os horarios serán os seguintes:</p> <p><u>Xornada de mañán:</u> setembro/xullo O alumnado atópase no recreo de comedor e sube aos autobuses mantendo o grupo estable que forman o comedor, mantendo a distancia de seguridade. 16:10: os luns 16:00 resto da semana</p> <p><u>Xornada Partida:</u> A saída dos autobuses será ás 5 da tarde. Organizarémos para que o alumnado transportado poda saír de maneira organizada desde ás 4:30</p>
<b>ALUMNADO NON TRANSPORTADO</b>	<p>Nos meses de xornada de mañá o alumnado de 1º, 2º e 3º sairá pola porta peatonal ás 14:20, os de 4º, 5º e 6º ás 14:45, e o alumnado de EI ás 14:30 pola porta peatonal pola que entraron (lateral)</p> <p><u>Xornada Partida:</u> Sairá pola porta correspondente según a etapa e unha vez saian os autobuses do centro.</p>
<b>ALUMNADO CON COMEDOR NON TRANSPORTADO</b>	<p>A saída será pola mesma porta pola que entraron situada no lateral da escola e que se abrirá ás 15:50 nos meses de setembro e Xuño e o resto do curso escolar ás 16:45.</p>
<b>TARDES DIVERTIDAS</b>	<p>O alumnado que acuda a tardes divertidas será entregado ás monitoras na porta traseira do edificio principal ás 16:50</p>
<b>ALUMNADO ACTIVIDADES ANPA</b>	<p>Será entregado aos monitores da Anpa previa autorización nos corredores do centro unha vez saia o alumnado transportado ás 16:55</p>

Faise necesaria a organización desta saída escalonada xa que en xornada partida o alumnado procede das aulas e tod@s efectúa a saída pola mesma porta que dá acceso ao patio onde están parados os autobuses. Xestionar a saída de 14 grupos estables de convivencia mantendo a distancia de seguridade obríganos a comezar a preparar a saída ás 16:30. En xornada matinal como o alumnado está ou ben no recreo do comedor ou ben no mesmo comedor (dependendo da quenda) a saída efectúase desde 4 puntos distintos o que contribúe a escalonar as saídas de xeito máis natural. Ademais nesta xornada o número de alumnas/os que acuden ao Comedor é considerablemente menor que no resto do ano polo que o alumnado que sae cara os autobuses é tamén moito menos.


As normas básicas serán as seguintes:

- As familias non poderán acceder ao recinto escolar.
- As 10:00 se pecharán as portas de acceso do alumnado non transportado. O alumnado que chegue despois desta hora timbrará na porta principal e accederá á súa aula supervisado por persoal do centro.
- O alumnado accederá directamente a súa aula onde haberá profesorado de garda evitando que o alumnado faga grupos ou xogue no patio, escaleiras ou corredores.
- Informarase ás familias da importancia de responsabilizarse para non realizar agrupamentos nos accesos ao centro escolar.
- O equipo docente que imparte docencia en Educación Infantil poderá permitir a entrada a unha persoa acompañante coa máscara ao recinto escolar naqueles casos que o consideren oportuno por motivos afectivo-emocionais. En todo caso o adulto acompañante non poderá acceder ao edificio principal das aulas.
- Fóra do anterior suposto e salvo razóns xustificadas ou cando o centro solicite a súa presenza non se permitirá a entrada aos proxenitores ou titores legais do alumnado. O centro habilitará un horario que publicitará na web para a realización de trámites administrativos e para o que será preciso solicitar hora de atención.
- Nos corredores establecerase un sentido de circulación en ambas marxes do corredor que estarán debidamente sinalizados indicando a circulación pola dereita de forma individual e mantendo a distancia de seguridade tal e como indicará a cartelería.
- O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará para que o material quede recollido e o alumnado esté preparado para saír ordeadamente según o número de autobús. O desprazamento polo corredor farase con mascarilla posta, mantendo sempre a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección para que non se formen aglomeracións.




## CRONOGRAMA XORNADA MATINAL setembro e xuño

As entradas faranse de maneira escalonada, cando non o fagan en grupos de convivencia estable (entradas non transportados) deberán manter a distancia social de seguridade.



## CRONOGRAMA XORNADA PARTIDA outubro-maio



### **31. Asignación do profesorado encargado da vixiancia**

A totalidade do equipo docente realizará as xurdas de vixiancia para garantir o cumprimento deste protocolo. Neste sentido:

- Haberá profesorado de garda nas aulas que agardarán pola chegada do alumnado.
- Haberá persoal de garda nas portas de entrada de infantil (1) e primaria (2) controlando o protocolo de desinfección de mans, o uso de máscara e o mantemento da distancia de seguridade.
- Haberá profesorado na porta do reloxo para recibir e controlar a hixenización de mans á chegada dos autobuses na porta do reloxo do centro.
- Controlaranse os corredores durante as horas lectivas para comprobar un correcto fluxo nos aseos.
- Haberá profesorado de garda que vele polo mantemento da distancia de seguridade nos corredores durante ás saídas.

## **MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA**

### **35. Madrugadores e Tardes Divertidas**

O Concello de Outes como responsable desta actividade presenta un Documento de Adaptación da actividade á situación Covid na que recolle os aspectos organizativos, medidas hixiénico-sanitarias tomadas para poder desenvolver a actividade con garantías. De igual forma se organiza o servizo de Tardes Divertidas. En ambos o alumando ao pertencer a disitintos grupos estables de convivencia permanecerá separado por 1,5m empregando sempre a mascarilla, tal e como recollen no Protocolo entregado.

### **36. Actividades extraescolares fóra da xornada lectiva**

A ANPA organiza actividades extraescolares ao remate da xornada lectiva. Presentan un Protocolo de Adaptación á situación COVID consensuado co centro educativo e que será difundido na páxina web e anexado a este Protocolo como Anexo III.

Este protocolo determina as medidas d eprevención e prpotección fresnte ao COVID e determiona con claridade a responsabilidade da asociación organizadora.

### **37. Determinación para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar**

As xuntanzas das socias da ANPA celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso as xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas. Cando se celebren de forma presencial buscarase un espazo ao aire libre e unha vez rematada procederase á desinfección do espazo empregado.

Mentras se manteña esta situación non deberán acceder ao local no momento coincidente coas entradas e saídas do alumnado, recreos, horario do comedor....

Para atender ás familias a ANPA establecerá mecanismos telemáticos que eviten a necesidade de que as familias acudan ao centro a realizar xestións... Se aínda así se fai necesaria a presenza das familia está será con cita previa e deixando o tempo prudencial necesario para que non se produzan aglomeracións.

Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente por medios telemáticos e valorarase a posibilidade de facelopresencial non momentos de baixa intensidade. Cando teñan que celebrarse de maneira presencial as persoas asistentes deberán empregar máscara e manter a distancia de seguridade así como empregar xel hixienizante para as mans. Priorizaranse o uso de espazos exteriores cando sexa posible.

#### **4. Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias**

As comunicacións coas familias faranse a través das vías corporativas habilitadas pola Consellería de Educación para a realización de videochamadas. Ademais poderá empregarse teléfono, correo electrónico, mensaxería da aula virtual, ABALAR MOBIL...

En casos excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais nos espazos exteriores ou no espazo habilitado no edificio administrativo sempre despois de informar ao Equipo-COVID, co fin de garantir un uso ordeado e eficiente do espazo.

#### **5. Normas para a realización de eventos**

Salvo cambios e melloras na situación epidemiolóxica actual non se realizarán actividades ou celebracións que impliquen a toda a comunidade educativa polos riscos que supón congrega a tanta xente.

Buscaremos formas alternativas para as distintas conmemoracións que non supoñan mezclar alumnado dos distintos grupos de convivencia, que prioricen o emprego de espazos ao aire libre e que contemplan as medidas de desinfección previas e posteriores.

As saídas didácticas, se se consideran oportunas por parte do equipo docente, levaranse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas.

## **MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO**

### **1. Medidas**

Debido ás circunstancias deste curso e co fin de ordenar as entradas e saídas o transporte escolar este fará a parada dentro do patio de forma ordenada.

ENTRADA:

O autobús parará na porta do edificio principal de forma que o alumnado baixe diante da porta pola que accederá directamente a súa aula seguindo o recorrido marcado que indica a circulación pola dereita do corredor. Nas distintas aulas estará o profesorado de garda atendendo á chegada do alumnado. Polos corredores haberá profesorado controlando a distancia de seguridade entre o alumnado.

#### SAÍDA:

Tanto o alumnado de infantil como o de primaria sairán atendendo a orde establecida de saída. O alumnado de EI estará vixiado por profesorado de garda ao igual que o de Primaria que se desprazará con máscara desde a aula ao autobús. Para xestionar unha saída na que non se produzan aglomeracións se procederá tal e como se indica de maneira máis detallada no punto 30 deste Protocolo.

Con carácter xeral cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2km).

Con motivo da complexidade organizativa das saídas, non se permitirán cambios excepcionais das liñas solicitadas. Do mesmo xeito a notificación para recollida persoal no centro para o alumnado transportado de maneira excepcional, deberá producirse antes das 13:30 poñéndose en contacto co centro educativo.

## MEDIDAS DE USO DO COMEDOR

### 1. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado

O alumnado sentarase no comedor co seu grupo estable de convivencia. Os grupos estables estarán separados por mamparas e para poder dar cabida a todo o alumnado estableceranse dúas quendas de comedor que quedan explicados no seguinte cadro.

GRUPOS	NÚMERO DE ALUMNOS/AS	HORARIO SETEMBRO XUÑO	HORARIO RESTO DO ANO

<b>1ª QUENDA</b>	EI-A EI-B EI-C EI-D 1º EP A 1º EP B 2º EP A 2º EP B 3º EP A	143	14:30: 1º, 2º e 3º 14:30: alumnado de EI	13:30: 1º, 2º e 3º 13:25: alumnado de EI
<b>2ª QUENDA</b>	4º EP A 4º EP B 5ª EP A 6º EP A 6º EP B	80	15:15: 4º, 5º e 6º	14:30: 4º, 5º e 6º

O comedor ten dous espazos diferenciados, zona A onde come o alumnado de EI e zona B onde come o de EP. A primeira quenda ocupa os dous espazos mentres que a segunda ocupa só a zona B.

Cando a primeira quenda remata o alumnado de 1º, 2º e 3º abandona o comedor para ir ao patio. Nese momento entra o alumnado da 2ª quenda ocupando a zona B, cando xa están sentados abandonan o comedor o alumnado da 1ª quenda que aínda estaba sentado (alumnado de EI) para ir ao patio.

O alumnado da segunda quenda en xornada partida terá que acceder do comedar ás aulas ao non dispor de zonas onde facer os recreos todos os grupos á vez. Ademais a limitación de colaboradoras impide que poidamos facer os recreos nas aulas cando chova.

O alumnado que sae ao patio segue mantendo o seu illamento con respecto aos outros grupos de convivencia estable,

Tanto á entrada como á saída do comedor o alumnado deberá hixienizar as mans empregando xel hidroalcohólico.

O uso do aseo deberá ser xestionado polas coidadoras de forma que se limitará a un usuario/a cada vez.

## 2. Persoal colaborador

Temos autorizadas 15 colaboradoras que se distribuirán para atender os grupos estables de convivencia durante á comida. Despois da solicitude do centro concedéronsenos 5 colaboradoras máis, que nos manteñen tamén este curso, o que permitirán atender á totalidade dos grupos de convivencia cos que estamos trabllando no centro. Teremos así unha persoa de apoio que poderá regular o fluxo de asistencia aos aseos.

## 3. Persoal de cociña



Dispoñemos dunha cociñeira e dúas pinches de cociña que adaptarán o seu traballo as medidas hixiénico sanitarias que recolle este Plan de Adaptación.

Ademáis coa implatación da dobre quenda de comedor vémonos na obriga de adaptar os menús tanto pola elaboración (hai comidas que non permiten cociñarse dunha vez para as dúas quendas xa que a súa conservación en quente altera o resultado) como para facilitar o momento de servir ao alumnado xa que non temos capacidade para sacar o menú emplatado de cociña.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

### 1. Aulas especiais, ximnasia, pistas cubertas...

As únicas áreas na que o alumnado poderá abandonar a súa aula de titoría será para Educación Física/Psicomotricidade EI e os desdobres necesarios para Relixión/Valores.

Isto supón que o Ximnasio, patio cuberto e aula de desdobre deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade sanitaria que o resto de aulas. Por iso estes espazos terán a mesma dotación: dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables o que permitirá a realización das rutinas de hixiene necesarias antes, durante e ao rematar as sesións.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos entre sesión e sesión será preciso realizar unha correcta ventilación de 10 minutos e labores de limpeza básica. En ambos casos esta ventilación será a cargo do profesorado que empregue o espazo e realizárase mentres o alumnado se despraza da súa aula a estes espazos entre as sesións.

#### Sala de Descanso:

O aforo desta sala é de 20 persoas. É preciso hixienizarse as mans para entrar. Cando se usen os ordenadores deben hixienizarse as superficies empregadas.

Na zona de cafetería é preciso extremar as medidas hixiénicas. Hai cartelería específica que recorda como proceder: hixienizado de mans, lavado dos enseres utilizados, uso das papeleiras adecuado...

#### Conserxería:

Este espazo non é un espazo educativo en si xa que é empregado polo profesorado para facer traballo de reprografía, encadernacións, plastificacións.... Será responsabilidade das persoas usuarias seguir as seguintes normas:

- Desinfectar as mans antes de usar as fotocopiadoras, ordenador, encadernadores e plastificadora...
- Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.
- Limitar a tres persoas o espazo.
- Uso obrigatorio de máscara.

Non será posible enviar ao alumnado a este espazo a recoller fotocopias, material funxible....O afora deste espazo é de 4 persoas.

## **2. Educación Física / Psicomotricidade EI**

### Medidas xerais de limpeza de superficies e material:

Procurarase empregar o mínimo posible o material e/ou equipamento de uso común entre o alumnado e, no caso de considerar preciso facelo, limparase con desinfectantes homologados despois do seu uso de forma que quede hixienizado para o seguinte grupo. Ademais, para procurar que dito material pase polo menor número posible de mans, cando se conte con unidades suficientes, numerarase. Deste xeito, como máximo, cada balón de minibasquet por exemplo empregaría un neno/a de cada aula. Por suposto, nestes casos, recorrerase ao uso de xel hidroalcohólico a miúdo.

Realizaranse tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados, aproveitando os cambios de grupo e o tempo durante o que se faga a limpeza xeral das instalacións, de forma diaria para permitir a renovación do aire.

Na medida do posible, manteranse as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realízanse os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable e deberanse limpar de forma frecuente e/ou, cando menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambiarán durante a xornada escolar.

Limparanse os vestiarios entre sesión e sesión (aproveitando o tempo de ir levar a uns nenos/as á súa aula e buscar os/as da seguinte sesión) de ser posible e senón farase, como mínimo unha vez ao día.

Para o uso dos aseos empregarase o sistema de semáforos e ademais habería que solicitarllo ao mestre/a para evitar esperas con varios/as nenos/as xuntos/as.

### Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal e utilizar máscara en todo momento da sesión.
- Lavaranse as mans con auga e xabón e/ ou con xel hidroalcohólico (coas máscaras postas e por quendas para manter distancias) ao chegar ao ximnasio e antes de saír cara á aula.
- Fomentárase a actividade en espazos ao aire libre, na medida do posible.
- O alumnado, a poder ser, manterá a distancia de seguridade interpersonal durante a práctica deportiva.
- Evitaranse lugares concorridos.
- O saúdo, con contacto físico, evitarase en todo momento.
- Empregaranse panos desbotables e tiraranse á papeleira tras cada uso.
- Manterase unha correcta hixiene respiratoria, cubrindo a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou esberrar, que logo se botará de inmediato á papeleira e iranse lavar as mans ou botarase xel hidroalcohólico.
- Dentro do posible, evitarase tocar os ollos, o nariz e/ou a boca e, en caso de facelo, procurarase lavar as mans ou empregarse o xel hidroalcohólico.
- Evitarase, na medida do posible, o uso de material compartido durante as sesións. Do contrario, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o empregaren os axentes participantes (alumnado de EP, baixo a supervisión do profesorado e/ou o propio profesorado), establecendo os mecanismos de desinfección correspondentes. Ademais, para procurar que dito material pase polo menor número posible de mans, cando se conte con unidades suficientes, numerarase.
- Ao inicio das sesións tratarase de realizar actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as de coordinación visomotriz, de equilibrio, rítmicas e/ou de expresión corporal.

### **3. Biblioteca**

A Biblioteca abrirá este curso para xestionar o préstamo ao alumnado de maneira que cada Titoría contará cunha hora semanal na que poderá acceder acompañado do docente correspondente. Durante o recreo acollerá o traballo do alumnado colaborador que determine o Equipo de Biblioteca.

O espazo Tecnolab poderase empregar en horario lectivo en quendas que serán asignadas previamente e con cita previa no horario que quede dispoñible.

Esta medida tómase polo importante risco de contaxio que supón a mezcla entre grupos burbulla, tendo en conta que a nivel de centro se opta pola adopción de grupos estables de convivencia. Será neste horario no que se efectúe o préstamo semanal e ademais funcionarán como centro de recursos a empregar nas aulas titoría, para o que seguirán o protocolo de uso de outros materiais de uso compartido.

Por outra banda, fomentárase de xeito intenso a virtualidade da biblioteca escolar como entidade, continuarase traballando no espazo dixital no que servir recursos varios, tanto de lecer como de consulta relacionados coa lectura, a aprendizaxe por proxectos e as competencias AMI e ALFIN.

Do mesmo xeito fomentárase a dinamización online e a creación de grupos por videoconferencia para a realización de distintas actividades, como poden ser contacontos, recitados ou o propio clube de lectura.

Incluiranse ditos espazos no protocolo de limpeza do centro.

### 3. Aseos

O protocolo de limpeza nos aseos está recollido no punto MEDIDAS DE LIMPEZA onde se protocoliza a limpeza dos aseos tres veces na xornada escolar.

O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponde á súa aula. Os aseos teñen unha limitación de aforo que estará sinalizada con semáforos na porta do mesmo. Cando estén ocupados o neno/a deberá esperar no pasillo a que quede libre mantendo sempre a distancia de seguridade que estará marcada no chan.

Respetaranse as labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles aseos que estén sinalizados no momento da limpeza non poderán ser empregados.

## MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

### 1. Horarios e espazos


Establécense dúas quendas de recreo para manter o illamento dos grupos de convivencia no s

HORARIO QUENDAS RECREO		
	Meses de setembro e xuño	Meses de outubro a maio
1ª QUENDA	12:30 - 12:55	11:50 - 12:20
2ª QUENDA	12:55 - 13:20	

Da primeira quenda forman parte os 4 grupos de Educación Infantil, e os 3 grupos de 1º e 2º de Educación Primaria.

Da segunda quenda forman parte os 7 grupos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria

DISTRIBUCIÓN ALUMNADO NAS ZONAS EN HORARIO DE RECREO		
ZONAS	QUENDA 1	QUENDA 2
ZONA 1	1º EP A	6º EP A
ZONA 2	1ª EP B	5º EP B
ZONA 3	6º EI A	5º EP B
ZONA 4	6º EI B	6º EP B
ZONA 6	5º EI A	3º EP B
ZONA 7	4º EI A	3º EP A
ZONA 8	2º EP B	4º EP B



O alumnado de 4º e 5º Educación Infantil sairá ao recreo pola porta traseira do edificio principal e o de 6º de EI pola porta lateral.

O alumnado de Educación Primaria sairá pola porta do reloxo.

O alumnado de Primaria rotará espazos na medida das posibilidades de semana en semana.

Os días de chuvia torganizaranse quendas para que o alumnado poida saír, na medida do posible, ao patio cuberto.

Durante os meses de Xornada Partida a organización dos patios será a seguinte:

Nos meses de outubro a maio o recreo farase nunha soa quenda, de maneira que o patio estará dividido en 11 zonas nas que se distribuirán 11 grupos, os catro grupos de educación infantil, os cinco niveis de 1º a 5º de educación primaria e 6º A EP e 6º B EP; de maneira que as dúas aulas

do mesmo nivel farán o recreo xuntas na mesma zona do patio, tal como recolle o protocolo da Consellería. Así serán a distribución do patio e a organización dos grupo.

A partir do mes de outro farase unha rotación semanal de patios.

Os días de chuva os recreos faranse no patio cuberto seguindo a seguinte distribución:

- Os grupos de Educación Infantil realizarán o recreo de 11:20 a 11:50.
- Os grupos de 1ºA, 1º B, 2º A e 2º B de Educación Primaria realizarán o recreo de 11:50 a 12:20.
- Os grupos de 3º a 6º de EP organizaranse para que a metade dos grupos baixen ao recreo no patio cuberto e a outra metade o realice nas aulas na hora de ler. Seguirán as seguintes quendas:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

VENRES (alternos)
-------------------

SETEMBRO	10	17	24
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B

OUTUBRO	1	8	15	22	29
	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

NOVEMBRO	5	12	19	26
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

DECEMBRO	3	10	17
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B

XANEIRO	14	21	28
	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

FEBREIRO	4	11	18	25
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

MARZO	4	11	18	25
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

ABRIL	1	8	22	29
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

MAIO	6	13	20	27
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B

XUÑO	3	10	17
	3º A, 4º A e 4º B	5º A, 6º A e 6º B	3º A, 4º A e 4º B

## 2. Profesorado de vixancia

Estableceranse gardas para garantir en todo momento a atención dos grupos que teñamos organizados así como as quendas correspondentes.

O profesorado que está na aula con cada grupo de convivencia será o encargado da hixienización das mans e acompañalos ata a zona do patio que lle corresponda, teña ou non garda de recreo. Será no patio onde se realice o cambio coa compañeira que teña garda. De igual forma no momento da entrada o profesorado que esté facendo a garda de patio acompañará ao grupo que custodia ata a súa aula e comprobará a correcta hixienización de mans no momento do acceso á aula. Na hora establecida de remate de recreo na primeira quenda o alumando debe estar xa



dentro da aula de maneira que os corredores queden libres para os desprazamentos do alumnado da segunda quenda.

Os grupos que fagan o recreo nas zonas 6 e 7 sairán e entrarán do recreo pola porta traseira do edificio principal. O resto dos grupos sairán e entrarán pola porta do reloxo. O alumnado de Educación Infantil sairá e entrará pola lateral de infantil. profesorado que esté de garda estará encargado de que o alumnado deixe todo recollido no momento de abandonar a zona.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EI E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE EP

### 1. Metodoloxía e usos de baños

En Educación Infantil se traballarán con grupos estables de convivencia e se realizará unha serie de cambios respecto ao curso pasado que minimicen, na medida do posible, o risco de contaxio.

Tanto a etapa de EI como os dous primeiros cursos de EP acollen alumnado que se atopa nunha etapa onde a experimentación debe ser a base de toda aprendizaxe. Sen perder de vista este obxectivo que será clave para garantir o desenvolvemento integral do alumnado imos adoptar as seguintes medidas con carácter xeral:

- Todo o alumnado desinfectará as mans con xel hidroalcohólico facilitado polo profesorado que se atopa nas portas de acceso ao centro para o alumnado non transportado e na porta do reloxero para o alumnado transportado.
- No momento da merenda, regreso do patio e saída ao comedor hixienizarase de novo as mans nas aulas empregando xabón ou xel según sexa necesario. O profesorado proporcionará papel de secado e xestionará o fluxo do alumando.
- Establecerase como rutina de aula os momentos de desinfección de material de uso individual por parte do alumando ao rematar o seu uso. Aprenderemos como facelo e será o profesorado quen xestione os produtos necesarios.
- Realizaranse a maior cantidade posible de actividades no exterior sempre que a climatoloxía e dispoñibilidade dos espazos o permita.
- Realizaranse asemblea inicial onde entre outras cousas se abordarán as normas de hixiene e a concienciación do alumando coa necesidade de cumprilas.
- Na aula empregaranse materiais que se poidan limpar e desinfectar. Non se permitirá a entrada de ningún xoguete traído da casa nin sacar material fora da aula.
- Para os momentos de xogo delimitaranse e organizaranse os espazos para que o seu uso sexa individual, procurando a desinfección posterior dos materiais así como das mans do alumnado.
- Intercambio de clases. Cada grupo rotará traballando cada semana nunha das aulas para permitir así que o metrial pase as horas necesarias de cuarentena antes de que o seguinte grupo o empregue. Isto permitirá ao alumnado aproveitar os distintos ambientes e materiais que hai en cada zona de forma segura.

A metodoloxía de traballo será a mesma que se empregaba o curso pasado e farase especial fincapé en establecer ningún intercambio de material entre a escola e a casa (mochilas, xoguetes, papeis...)

#### Actividades en colaboración coas familias

Estas actividades deben seguir presentes xa que son necesarias dentro da metodoloxía que seguimos. Todos os materias que se realicen para compartir coas familias teñen que ser en formato dixital e se compartirán através da aula virtual. Procederase de igual forma cando precisemos que as familias aporten algo á escola.

Será preciso entón facer unha análise para coñecer que familias non teñen acceso, por diferentes motivos, á aula virtual e buscar posibles solucións, adiantándonos así a un posible futuro onde só se poida empregar esta ferramenta.

#### Consideracións xerais do periodo de adaptación

Co fin de poder respetar ás necesidades do alumando que se incorpora ao centro en 4º de EI, durante o periodo adaptación e na medida do posible, organizaranse as quendas no patio exterior para que as familias poidan acompañalos nos primeiros días. Só poderán estar



acompañad@s por unha persoa adulta que deberá usar máscara e realizar a desinfección de mans na entrada ao recinto escolar.

